


DELIMITACIÓN DO NUCLEO RURAL DE O OUTEIRO, MAREI-O CORGO



ORDENANZAS EN SOLO DE NUCLEO RURAL	
- - - - -	DELIMITACIÓN DO NÚCLEO
	NÚCLEO RURAL TRADICIONAL
- - - - -	ÁREA DE EXPANSIÓN
- - - - -	S.R. DE PROTECCIÓN DE AUGAS
DOTACIÓNS LOCAIS	
	EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS
SC- sociocultural	E- educativo
D- deportivo	R- relixioso
	ZONAS VERDES E ESPACIOS LIBRES
ALIÑACIÓNS E RASANTES	
- - - - -	ALIÑACIÓN DO VIAL
- 6 -	ANCHO DA VIA
- - - - -	LÍNEA LÍMITE DA EDIFICACIÓN
PROTECCIÓN DE BENS CATALOGADOS	
	XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS
	ELEMENTO CATALOGADO
- - - - -	ÁREA DE PROTECCIÓN DE BENS CATALOGADOS

APROBADO DEFINITIVAMENTE POR RESOLUCIÓN DO SECRETARIO/A XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

DE DATA **19 ABR. 2010**

COAS CONDICIÓN QUE NELA FIGURAN
O Xefe do Servizo Provincial de Urbanismo de Lugo
Asdo.: José Luis Losada López



MODIFICACIÓN DA DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE OUTEIRO, MAREI-O CORGO	
SITUACION	O OUTEIRO- MAREI-O CORGO
PROMOTOR	IGNACIO BLANCO PÉREZ
TITULO	DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL
ABELARDO DÍAZ PÉREZ ARQUITECTO COL.3231 COAG	ESCALA 1/2.000 DATA OUT/2009

R-23-04-2010



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Admtvo. San Caetano,
Bloque 3
15781 Santiago de Compostela



XACOBEO 2010
Galicia

<p>REXISTRO XERAL da Xunta de Galicia - P3 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA</p> <p>22 ABR. 2010</p> <p>NÚMERO 17637</p>	<p>CONCELLO DO CORGO</p> <p>23 ABR. 2010</p> <p>Número 785</p> <p>REXISTRO XRAL. ENTRADA</p>	<p>PTU-LU-09/015 O CORGO (LUGO) DELIMITACIÓN NÚCLEO RURAL DE OUTEIRO AD- RESOLUCIÓN Pax. 1 de 1</p>
--	---	---

Sr. Alcalde do Concello do Corgo (Lugo)

Notifícolle que con data de 19 de abril de 2010 a secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas difou a resolución que literalmente di:

“RESOLUCIÓN SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE DELIMITACIÓN DO SOLO DO NÚCLEO RURAL DE OUTEIRO, NA PARROQUIA DE MAREI, CONCELLO DE O CORGO.

I ANTECEDENTES

O concello do Corgo remite tres exemplares do referido proxecto de delimitación, aos efectos de obter a súa aprobación definitiva, conforme á Disposición Adicional 2ª.2 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en adiante LOUG.

O concello de Corgo carece de instrumentos de planeamento xeral, rexéndose polas normas de aplicación directa da LOUG e, no que non se opón a estas, polas Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamento provincial (en diante NCSPP).

Atópase en tramitación un Plan Xeral de ordenación neste municipio, aprobado inicialmente o 08 de marzo de 2005. O 27 de xaneiro de 2009 a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia adoptou resolución sobre a obrigatoriedade de sometemento do PXOM do Corgo a avaliación ambiental estratéxica (DOG nº 40 do 26 de febreiro de 2009). Durante período transcorrido dende a aprobación inicial, o concello ten tramitado máis de unha vintena de expedientes de delimitación de núcleos rurais.

O 11 de setembro de 2009 a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo resolveu non aprobar unha versión anterior da delimitación deste mesmo núcleo, indicando unha serie de deficiencias que deberían ser corrixidas aos efectos de acadar a aprobación definitiva.

De acordo coa nova documentación administrativa remitida polo Concello, trala emisión da citada resolución, en outubro de 2009 presentouse no concello un novo proxecto de delimitación ao que se deu a seguinte tramitación:



PTU-LU-09/015
O CORGO (LUGO)
DELIMITACIÓN NÚCLEO
RURAL DE OUTEIRO
AD- RESOLUCIÓN
Pax. 2 de 2

1. Realizouse a aprobación inicial mediante decreto da alcaldía de data 5 de novembro de 2009.
2. Efectuouse a exposición pública mediante anuncios publicados no DOG nº 240 do 10 de decembro de 2009 e nos periódicos "El Progreso" e "La Voz de Galicia" ámbolos dous do 1 de novembro de 2009, e durante o prazo legal non se presentaron reclamacións segundo certifica o secretario do concello.
3. Obra no expediente a certificación emitida polo secretario do concello, relativa ao acordo adoptado polo Pleno do Concello do Corgo na súa sesión celebrada o día 29 de xaneiro de 2009, polo que se resolve aprobar provisionalmente o proxecto de delimitación do núcleo rural de Outeiro.

Cada un dos tres exemplares enviados polo concello está integrado por memoria, planos e outros documentos complementarios como son : Nomenclátor, anexo fotográfico, catálogo de bens protexidos,...), redactados en outubro de 2.009 polo arquitecto D. Abelardo Díaz Pérez, se ben parte dos planos informativos son reproducións dos que forman parte do PXOM en tramitación. Constan nestes documentos dilixencias que acreditan a súa correspondencia co proxecto aprobado inicial e provisionalmente polo Concello o 5 de novembro de 2009 e 29 de Xaneiro de 2010, respectivamente.

II. CONSIDERACIÓNS E FUNDAMENTACIÓN.

Tras analizar a documentación de referencia e á vista do informe da subdirección xeral de urbanismo, realízanse as seguintes consideracións:

- De acordo co indicado no aptdo. l.d) do presente informe, enténdese que o expediente foi tramitado correctamente. Non obstante o anterior, gran parte da documentación administrativa remitida está integrada por copias simples, polo que carece de garantía de autenticidade.
- O ámbito delimitado forma parte dunha entidade con topónimo recoñecido no Nomenclátor de entidades de poboación da provincia de Lugo (Decreto 6/2000), así como no censo de poboación e vivendas do Instituto Nacional de Estatística.
- Delimítase unha única circunscrición correspondente á parte consolidada do núcleo tradicional, cunha superficie aproximada de 11.187 m² -uns 9.429 m² netos- e 5 vivendas no seu interior, consonte á propia información contida no proxecto.
- Non se delimitan áreas de expansión.



PTU-LU-09/015
O CORGO (LUGO)
DELIMITACIÓN NUCLEO
RURAL DE OUTEIRO
AD- RESOLUCIÓN
Pax. 3 de3

- Os terreos incluídos na circunscrición mantéñense todos eles dentro da distancia máxima de 50 metros respecto ás edificacións tradicionais do asentamento, cumprindo a limitación establecida no art. 13.3, 1º inciso, da LOUG.
- No aptdo. 14 do proxecto xustifícase o cumprimento da condición de consolidación mínima esixido no referido precepto legal, chegando á conclusión de que a consolidación supera o 50% establecido como mínimo polo artigo 13 da LOUG.

De acordo co punto 2 da disposición adicional segunda da LOUG, e co artigo 12.1.b do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos expedientes de delimitación de solo de núcleos rurais correspóndelle á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

III. RESOLUCIÓN

Visto canto antecede, RESOLVO:

Aprobar o proxecto de delimitación do solo de núcleo rural de Outeiro na parroquia de Marei, no Concello do Corgo, polas consideracións e nos termos anteriormente expostos.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes que se contará a partir do día seguinte ó de notificación desta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente (artigos 48, 58, 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro).

No suposto de que o interesado sexa unha administración pública non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso - administrativo perante a sala do Contencioso - administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo da formulación, no seu caso, do requirimento previo en igual prazo (artigo 44 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo da xurisdición contencioso - administrativa).

Notifíquese o concello e publíquese no Diario Oficial de Galicia"

O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos."

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2010

O Subdirector Xeral de Urbanismo

Eduardo Sobriño Rodríguez

